

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA

A Comisión Informativa de Cultura reúnese no Pazo provincial ás 12,33 horas do día 23 de setembro de 2022, baixo a Presidencia de: **D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** e coa asistencia dos seguintes deputados/as: **DONA MARÍA VICTORIA ALONSO MÉNDEZ, DONA ANA MARÍA MEJIAS SACALUGA, D. MANUEL GÓNZALEZ MARTÍNEZ, D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ** EN SUBSTITUCIÓN DE D. CARLOS LÓPEZ FONT, **D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, DONA OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS** EN SUBSTITUCIÓN DE DONA NOEMÍ OUTEDA PROL, **DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS, D. GREGORIO AGÍS GÓMEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JORGE CUBELA LÓPEZ, D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ, DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ, D. IGNACIO MARIL PARDO, DONA MARÍA ELENA ESTÉVEZ FREIRE, D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS, D. JAVIER TOURÍS ROMERO, DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA**, actúa como Secretario D. Antonio Santos Guerra, xefe do Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose o seguinte acordo:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existindo reparo algún, apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 6 de setembro de 2022.

2.- DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS PARA A PARTICIPACIÓN NA I CONVOCATORIA DE RESIDENCIAS ARTÍSTICAS #DEPOCREA (Exped. 2022048757)

A presidencia informa sobre as *Bases reguladoras para a participación na I Convocatoria de residencias artísticas #Depocrea*, cuxa finalidade é conceder seis axudas, destinadas a promover a creación artística contemporánea en vivo nun programa de residencias artísticas promovido pola institución provincial, que se levará a cabo no Náutico de San Vicente.

Nesta convocatoria poderán participar nesta convocatoria as persoas físicas artistas profesionais, dadas de alta no réxime de autónomos correspondente, das modalidades de pintura, escultura, fotografía, ilustración, instalación, arte sonora, audiovisual, moda ou deseño que teñan 18 anos na data de presentación da solicitude.

A contía consignada para as axudas desta convocatoria de residencias artísticas ascende a quince mil (15.000,00) euros, con cargo á aplicación 22/330.3340.481.01 do orzamento provincial.

3.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

E non habendo mais asuntos que tratar e sendo as 12,34 horas do mencionado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

